


Tarefas de repaso dos contidos do Bloque X:

1. Sitúa nun eixe cronolóxico coma este os seguintes feitos: Lei de bases da reforma agraria; Aprobación da Constitución; Revolución de Asturias; Sublevación de Sanjurjo; Sublevación das tropas do protectorado de Marrocos; Constitución do Goberno provisional; Lluís Companys proclama a República catalana dentro da República Federal española; Asasinato do tenente Castillo; Lei de Confesións e Congregacións relixiosas; Creación da CEDA; Creación da Fronte popular; Decreto de termos municipais; Eleccións xerais a Cortes Constituíntes; Decreto de laboreo forzoso; Destitución de Niceto Alcalá Zamora; Aprobación do Estatuto de Nuria nas Cortes españolas; Asasinato de Calvo Sotelo; Sucesos de Casas Viejas; Fusión de Falanxe Española coas Xuntas Ofensivas Nacional Sindicalistas; Escándalo do estraperlo; Triunfo electoral da Fronte Popular; fundación da UME (Unión Militar Española); O Estatuto de Autonomía de Galicia é presentado nas Cortes españolas




b. Define brevemente os seguintes:

Conceptos	Personaxes	Organizacións e institucións
-Réxime republicano -Amnistía -Estado integral -Secularización -Estatuto de autonomía -Comunismo libertario -Fascismo -<i>Bienio Negro</i> -Ditadura do proletariado -Regulares de Marrocos -Estraperlo -Idade de Prata da cultura española	-Niceto Alcalá Zamora -Manuel Azaña -Francisco Largo Caballero -Francesc Maciá -Lluís Companys -José Sanjurjo -José Antonio Primo de Rivera -José Calvo Sotelo -José María Gil Robles -Alejandro Lerroux -Francisco Franco -Santiago Casares Quiroga -Alexandre Bóveda -Emilio Mola -José Antonio Aguirre	-Generalitat -Garda de Asalto -IRA -Misións Pedagóxicas -Lexión española -CEDA -UME -Bloque Nacional -Fronte Popular -ORGA -Partido Galeguista - FE-JONS

Votos/escanos
 Esquerda: 2.881.056/279
 Centro: 1.165.692/119
 Dereita: 657.872/41

c. Describe, analiza e comenta os seguintes gráficos de resultados electorais:



- Clasifica: tipo e natureza do gráfico como fonte historiográfica.
- Describe: agrupa as forzas dentro da esquerda, o centro e a dereita, resumindo os seus trazos ideolóxicos e posicións políticas (republicanos, monárquicos, reformistas, católicos, laicos, autonomistas, centralistas...), diferenciando e comparando os resultados electorais (número de votos e escanos) durante a Segunda República.
- Comenta: sitúa os 4 procesos electorais no seu momento histórico (crises de goberno que preceden a cada unha, coalicións electorais que concorren, factores que determinan o sentido do voto e participación electoral...) e analiza as súas consecuencias políticas.

d. Despois de ler a información da ligazón que se axunta, comenta a seguinte selección do articulado da Constitución republicana de 1931. Podes seguir o guión que se achega:

http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/Hist_Normas/ConstEsp1812_1978/Const1931

- **Presentación do documento:** tipo e natureza da fonte, circunstancias e procedemento constituínte.
- **Descrición do contido dos diferentes artigos,** cunha conceptualización concisa: tipo de soberanía; forma de goberno; organización política do territorio; dereitos políticos, sociais e económicos; división e relación dos poderes lexislativo, executivo e xudicial; relacións Igrexa-Estado; papel do Estado na economía, a educación e a cultura, etc.
- **Valoración histórica:** vixencia, problemas no seu desenvolvemento, significado na historia do constitucionalismo español en canto á forma na que resolve os grandes problemas sociais, territoriais, etc.

Art. 1. España é unha República democrática de traballadores de toda clase (...).

A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e das Rexións.

Art. 3. O Estado español non ten relixión oficial.

Art. 12. Para a aprobación do Estatuto da rexión autónoma, requírense as seguintes condicións:

a) Que o propoña a maioría dos seus Concellos ou (...) aqueles que comprendan 2/3 do Censo electoral da rexión.

b) Que o acepten (...) alomenos 2/3 dos electores inscritos no Censo da rexión. Se o plebiscito fose negativo, non poderá renovarse a proposta de autonomía ata transcorridos 5 anos.

c) Que o aproben as Cortes.

Art. 13. En ningún caso se admite a federación de rexións autónomas.

Art. 21. O dereito do Estado español prevalece sobre o das rexións autónomas en todo o que non estea atribuído á exclusiva competencia destas nos seus respectivos Estatutos.

Art. 26. Todas as confesións relixiosas serán consideradas como Asociacións sometidas a unha lei especial.

(...) Unha lei especial regulará a total extinción, nun prazo máximo de dous anos, do presuposto do Clero.

Quedan disoltas aquelas Ordes relixiosas que estatutariamente impoñan, ademais dos tres votos canónicos, outro de especial obediencia a autoridade distinta da lexítima do Estado. Os seus bens serán nacionalizados e afectados a fins benéficos e docentes.

As demais Ordes relixiosas somenteráanse a unha lei especial votada por estas Cortes Constituíntes e axustada as seguintes bases:

(...)

4ª. Prohibición de exercer a industria, o comercio ou a ensinanza.

5ª. Sumisión a todas as leis tributarias do país.

Os bens das Ordes relixiosas poderán ser nacionalizados.

Art. 27. A liberdade de conciencia e o dereito de profesar e practicar libremente calquera relixión quedan garantidos no territorio español (...)

Os cemiterios estarán sometidos exclusivamente á xurisdicción civil (...)

Art. 34. Toda persoa ten dereito a emitir libremente as súas ideas e opinións, valéndose de calquera medio de difusión, sen suxeitarse á previa censura. (...)

Art. 36. Os cidadáns dun e doutro sexo, maiores de 23 anos, terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis.

Art. 38. Queda recoñecido o dereito de reunirse pacíficamente e sen armas.

Unha lei especial regulará o dereito de reunión ao aire libre e o de manifestación.

Art. 39. Os españois poderán asociarse ou sindicarse libremente para os distintos fins da vida humana, conforme ás leis do Estado.

Art. 43. A familia está baixo a salvagarda especial do Estado. O matrimonio fúndase na igualdade de dereitos para ambos sexos, e poderá disolverse polo mutuo disenso ou a petición de calquera dos cónxuxes, con alegación neste caso de xusta causa.

(...)

Os pais teñen para cos fillos habidos fóra do matrimonio os mesmos deberes que respecto dos nados nel.

(...)

O Estado prestará asistencia aos enfermos e anciáns, e protección á maternidade e á infancia, facendo súa a "Declaración de Xenebra" ou táboa dos dereitos do neno.

Art. 44. Toda a riqueza do país, sexa quen fose o seu dono, está subordinada aos intereses da economía nacional (...)

A propiedade de toda clase de bens poderá ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade social mediante adecuada indemnización (...).

Cos mesmos requisitos a propiedade poderá ser socializada.

Os servizos públicos e as explotacións que afecten ao interese común poden ser nacionalizados (...)

O Estado poderá intervir por lei a explotación e coordinación de industrias e empresas cando así o exixiran a racionalización da produción e os intereses da economía nacional.

(...)

Art. 45. Toda a riqueza artística e histórica do país, sexa quen fose o seu dono, constitúe tesouro cultural da Nación e estará baixo a salvagarda do Estado (...)

Art. 46. O traballo, nas súas diversas formas, é unha obriga social, e gozará da protección das leis.

(...) A súa lexislación social (da República) regulará: os casos de seguro de enfermidade, accidente, paro forzoso, vellez, invalidez e morte; o traballo das mulleres e dos mozos e especialmente a protección da maternidade; a xornada de traballo e o salario mínimo e familiar; as vacacións anuais remuneradas (...), e todo canto afecte á defensa dos traballadores.

Art. 48. O servizo da cultura é atribución esencial do Estado, e prestarao mediante institucións educativas enlazadas polo sistema da escola unificada.

A ensinanza primaria será gratuita e obrigatoria.

Os mestres, profesores e catedráticos da ensinanza oficial son funcionarios públicos.

A liberdade de cátedra queda recoñecida e garantida.

A República lexislará no sentido de facilitar aos españois economicamente necesitados o acceso a todos os graos de ensinanza (...)

A ensinanza será laica (...)

Art. 51. A potestade lexislativa reside no pobo, que a exerce por medio das Cortes ou Congreso dos Deputados.

Art. 52. O Congreso dos Deputados componse dos representantes elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto.

Art. 60. O Goberno e o Congreso dos Deputados teñen iniciativa das leis.

Art. 64. O Congreso poderá acordar un voto de censura contra o Goberno ou algún dos seus Ministros.

(...)

Art. 66. O pobo poderá atraer a súa decisión mediante "referéndum" as leis votadas polas Cortes. Bastará, para elo, que o solicite o 15% do Corpo electoral. (este recurso non aplica á Constitución, Convenios internacionais, Estatutos rexionais nin leis tributarias)

O pobo poderá do mesmo xeito, exercendo o dereito de iniciativa, presentar ás Cortes unha proposición de lei sempre que o pida, polo menos, o 15% dos electores.

Unha lei especial regulará o procedemento e as garantías do "referéndum" e da iniciativa popular.

Art. 67. O Presidente da República é o Xefe do Estado e personifica á Nación. (...)

Art. 71. O mandato do Presidente da República durará seis anos.

(...)

Art. 75. O Presidente da República nomeará e separará libremente ao Presidente do Goberno, e, a proposta deste, aos Ministros. Haberá de separalos necesariamente no caso de que as Cortes lles negaran de xeito explícito a súa confianza.

Art. 81. O Presidente da República poderá convocar ao Congreso con carácter extraordinario sempre que o estime oportuno. (...)

O Presidente poderá disolver as Cortes ata dúas veces como máximo (...)

b) Acompañando ao decreto de disolución a convocatoria de novas eleccións para o prazo máximo de 60 días.

No caso da 2ª disolución, o primeiro acto das novas Cortes será examinar e resolver a necesidade do decreto de disolución das anteriores. O voto desfavorable da maioría absoluta das Cortes implicará a destitución do Presidente.

Art. 86. O Presidente do Consello e os Ministros constitúen o Goberno.

Art. 87. O Presidente do Consello de Ministros dirixe e representa a política xeral do Goberno. Aféctanlle as mesmas incompatibilidades establecidas no artigo 70 para o Presidente da República (non pode ser militar, nin crego nin membro dunha dinastía reinante ou ex-reinante).

Aos Ministros corresponde a alta dirección e xestión dos servizos públicos asignados aos diferentes departamentos ministeriais.

Art. 90. Corresponde ao Consello de Ministros, principalmente, elaborar os proxectos de lei que haxa de someter ao Parlamento; ditar decretos; exercer a potestade reglamentaria, e deliberar sobre todos os asuntos de interese público.

Art. 91. Os membros do Consello responden ante o Congreso: solidariamente da política do Goberno, e individualmente da súa propia xestión ministerial.

Art. 92. (...) son, tamén, individualmente responsables, na orde civil e na criminal, polas infraccións da Constitución e das leis. (...)

Art. 94. A Xustiza se administra no nome do Estado.

A República asegurará aos litigantes economicamente necesitados a gratuidade da Xustiza.

Os xuíces son independentes na súa función. Só están sometidos á lei.

Art. 95. A Administración de Xustiza comprenderá todas as xurisdiccións existentes (...)

A xurisdicción penal militar quedará limitada aos delitos militares, aos servizos de armas e á disciplina dos Institutos armados.

(...) Quedan abolidos todos os Tribunais de honor, tanto civís como militares.

Art. 103. O pobo participará na Administración de Xustiza mediante a institución do Xurado (...)

Art. 120. O Tribunal de Contas da República é o órgano fiscalizador das xestión económica. Dependerá directamente das Cortes (...)

Art. 121. Establécese, con xurisdicción en todo o territorio da República, un Tribunal de Garantías Constitucionais, que terá competencia para coñecer de:

a) O recurso de inconstitucionalidade das leis.

b) O recurso de amparo de garantías individuais, cando fora ineficaz a reclamación ante outras autoridades.

c) Os conflitos de competencia lexislativa e cantos xurdan entre o Estado e as Rexións autónomas e os destas entre sí. (...)

e. Consulta esta ligazón <https://es.slideshare.net/hammerklavier37/h-esp-bachtema-12la-ii-repblica> e elabora un esquema ou unha táboa similar a esta coas principais reformas do bienio republicano-socialista:

Reformas	do exército	da cuestión relixiosa	agraria	do Estado centralista	Sociais	Educativa
Obxectivos						
Medidas						
Consecuencias						